

## REGULAMENTO DA BILLARDA

1. O deporte da billarda ten por obxectivo chegar a superar a liña do varal coa billarda. Para iso os/as xogadores/as sitúanse na zona de saque e desde alí golpean a billarda, que está no chan, nunha das súas puntas para que dea un chimpó. Despois cando esta está no aire hai que desprazala con outro golpe. A orde de golpeo é consecutiva.
2. En cada quenda, o/a xogador/a só ten una opción válida de golpe, é dicir, sempre que toque a billarda co palán, aínda que esta non brinque, considérase a opción de tiro e a quenda pasa ao seguinte palanador ou palanadora. Unha vez a billarda está no aire podéselle golpear tantas veces como a habilidade de seu o permita. Unha vez que a billarda xa toca o chan non pode ser golpeada para desprazala. Se isto ocorre deberá volver ao lugar anterior.
3. A orde de xogo queda establecida no sorteo inicial e non se pode alterar. Se o/a participante é nomeado/a, alomenos tres veces, para que xogue a súa quenda e non está presente perderá a opción a dar ese golpe. Se se reincorpora ao xogo farao perdendo de dar ese golpe e golpeando cando lle corresponda segundo a orde establecida previamente.
4. Se alguén golpea a billarda cando non foi nomeado polo xuíz ou desde un lugar incorrecto deberá repetir o golpe na súa quenda desde o lugar que o xuíz determine.
5. Se unha billarda en xogo impacta nua persoa ou en calquera obxecto que estea dentro do terreo de xogo considérase golpe válido e deberá ser xogada, cando lle corresponda desde o lugar onde se deteña.
6. Se alguén golpea intencionadamente unha billarda en movemento dun contrario este deberá repetir o golpe desde a mesma posición.
7. Unha vez dado o golpe de desprazamento hai que esperar a que a billarda se deteña por si mesma. Se despois é movida por calquera circunstancia natural ou humana deberá restituirse ao lugar onde se detivera.
8. Se una billarda que está parada na pista é golpeada por outra en movemento deberá volver ao lugar no cal estaba inmóvil.
9. As liñas que delimitan o terreo de xogo forman parte do mesmo. Polo tanto o corpo da billarda debe debe sobrepasar totalmente aquelas para considerala fóra do campo ou dentro do varal. Aínda que despois volva a dentro do terreo considerarase que xa sobrepasou as liñas, tanto se o fai polo chan como polo aire.
10. Cando a billarda se pare nun lugar do campo onde non seza posible xogala o xuíz determinará o lugar máis próximo desde o cal é posible xogar a billarda no seguinte golpe.
11. Se alguén utiliza material non regulamentario será panelizado coa perda dos puntos conseguidos na carreira ou carreiras nas que xogara con ese material. O xuíz de campo

velará para que se cumpran as medidas, para o cal actuará de oficio ou a petición de calquera xogador para comprobar as medidas regulamentarias do material.

12. É obrigatorio a utilización da cinta de seguridade no palán. Se alguén non utiliza a cinta de seguridade será penalizado coa perda dos puntos conseguidos na carreira ou carreiras nas que xogou sen utilizalas.
13. O equipo deberá estar adscrito únicamente a una conferencia da LNB. Daquela, na primeira xornada na que participe deberá indicar tal circunstancia. Todos/as xogadores/as dese equipo estarán inscritos nesa conferencia eleixida. Isto dará dereito a optar ás prazas para participar no PLAY OFF NACIONAL por esa conferencia.
14. Non se poderá cambiar de equipo durante a temporada. Se alguén deixa un equipo por calquer motivo, poderá seguir xogando, mais fara o sen pertencer a ningún equipo novo.
15. Cando un/ha xogador/a consegue introducir a billarda no varal dun só golpe, consegue un varado.
16. Calquer xogada dubidosa ou reclamación será resolta polo xuíz de campo ou principal e o xuíz de varal.